

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DECEMBRO DE 2022**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **NON ASISTE:**

D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros

### **SECRETARIA ACCIDENTAL:**

D.<sup>a</sup> Verónica María Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día trece de decembro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental do Concello, D.<sup>a</sup> Verónica María Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 7 DE DECEMBRO DE 2022**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 7 de decembro de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 7 de decembro de 2022.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución de 9 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, pola que se actualiza o Anexo I incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política

Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE núm 296, do 10-12-2022.

- Orde de 2 de decembro de 2022, da Consellería de Política Social e Xuventude, pola que se modifica a Orde de 14 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a entidades de acción voluntaria e entidades locais de Galicia para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeneracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeneracional, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento BS508E). DOG núm. 234, do 12-12-2022.

### **3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN**

#### **3.1. PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA “VS1 PRODUCCIÓN CREATIVA, S.L.” ADXUDICATARIA DO LOTE 1 DO CONTRATO MIXTO DO “SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS CORRESPONDENTE AO DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE NADAL 2021-2022 DO CONCELLO DE CAMBRE”. EXPEDIENTE 2021/C005/000010**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de decembro de 2022 (CVD: 0MOKwDrcVSvbgcW37yax), relativa a “proposta de devolución da garantía definitiva á empresa “VS1 Producción Creativa, S.L.” adxudicataria do LOTE 1 do contrato mixto do “Subministracións e servizos correspondente ao desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-2022 do concello de Cambre”. que transcrita di:

#### **«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que con data 29.11.2021, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “VS1 Producción Creativa, S.L.” adxudicataria do LOTE 1 do contrato mixto do “*Subministracións e servizos correspondente ao desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-2022 do concello de Cambre.*”

Expediente 2021/C005/000010

Visto que no antedito expediente depositouse por medio dunha FIANZA, na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 19/11/2021 e importe de 945,00 euros, con número de rexistro 1036, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo técnico en Promoción Económica da Axencia de Desenvolvemento Local, con data do 27/07/2022, (CVD: AAZI7n178m8Hqnxv+nzg).

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal nº 455/2022 con data do 25/11/2022. (CVD: bWDJ5/yKc7OJUPrjh1rc).

A teor do establecido no arts. 107- 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “VS1 Producción Creativa, S.L.”, con CIF B70334412 e enderezo no Polígono Industrial Bergondo, nave G-15, 15165, A Coruña, no expediente número 2021/C005/000010, para a “*Subministracións e servizos correspondente ao desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-2022 do concello de Cambre. - LOTE 1*”.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de decembro de 2022 (CVD: 0MOKwDrcVsbgcW37yax), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 2 ao 8 de decembro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 2131/2022 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude núm. 2162/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2131/2022	02-12-2022	Conceder, segundo a acta do torneo, as gratificacións pola

		participación dos clubs no "XXXVII Torneo de Chave Concello de Cambre", así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria
2132/2022	02-12-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 7 de decembro de 2022
2133/2022	02-12-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a N.S.G. por non reunir o requisito de empadroamento
2134/2022	02-12-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a M.R.L.D. por superar o límite de aforro establecido na ordenanza reguladora
2135/2022	02-12-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a H.P. por non reunir o requisito de empadroamento
2136/2022	02-12-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a S.T.S. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora
2137/2022	02-12-2022	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 16/2022 por importe de 66.058,74 euros na aplicación orzamentaria "1532.60900 Infraestructuras nueva pavimentación", dentro do proxecto "2022 2 153 1 Mejora funcional de la calle Rocón" financiado co compromiso de ingreso no concepto "2022/76100 Subvención capital Deputación" e de 457.321,77 na aplicación orzamentaria "454 61900 Otras inversiones de reposición caminos vecinales" no proxecto "2022 2 454 2 Mantenimiento de caminos municipales. Parroquias de Bribes, Cecebre e outros"
2138/2022	02-12-2022	Denegación de axuda de emerxencia social municipal para un recibo de gas a I.C.C.C. porque a axuda non constitúe unha solución axeitada ou non resolve de forma significativa a necesidade formulada
2139/2022	02-12-2022	Nomeamento axente de Protección Civil interino por vacante
2140/2022	02-12-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
2141/2022	05-12-2022	Denegación de axuda de emerxencia social municipal para recibo de alugueiro a M.E.D.D. por superar o saldo medio de aforro establecido na ordenanza reguladora
2142/2022	05-12-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a J.M.S.G.
2143/2022	02-12-2022	Aprobar a oferta do programa de actividades da Escola de Actividades Físicas e Saúde de xaneiro a decembro 2023, salvo os meses de xullo e agosto, cun orzamento máximo de 29.311,58 euros (sen IVE) e 35.465,11 euros (21% IVE incluído)
2144/2022	05-12-2022	Concesión da renovación de tarxeta de estacionamento para discapacitados a J.A.O.F.
2145/2022	02-12-2022	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto é a adquisición de libros para os cursos do Plan AFD 2022-23 das especialidades "Soldadura Oxigás e MIG MAG" e "Sistemas microinformáticos". Adxudicar o contrato menor á empresa LIBRERÍA ARENAS S.L. por un importe máximo de 2.437,20 euros sen IVE, e 2.534,69 euros con IVE incluído
2146/2022	05-12-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a A.V.V.
2147/2022	05-12-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con

		discapacidade a M.C.M.A.
2148/2022	05-12-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a D.P.S. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2149/2022	05-12-2022	Aprobar o padrón do prezo público por actividades educativas do 1er trimestre do curso escolar 2021-2022 (do mes de novembro, decembro de 2021 e xaneiro 2022), que comprende 15 recibos dun total de 15 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar por un importe total de trescentos trece euros con cincuenta céntimos (313,50 €)
2150/2022	05-12-2022	Desestimar o recurso de reposición interposto o día 15 de marzo de 2018 pola empresa CASAS 33, SL, CIF B15.614.332, contra a Resolución do alcalde núm. 312/2018, de data 5 de febreiro de 2018, e en consecuencia executar o aval núm. 1271/008, expedido polo Banco Gallego, actualmente Banco de Sabadell, S.A, CIF. A08000143, e depositado na Tesourería Municipal pola mercantil CASAS 33, S.L para responder das obras de urbanización da Unidade Especial nº 25-Sigrás-Cambre
2151/2022	05-12-2022	Delegación da presidencia da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 7 de decembro de 2022 no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós
2152/2022	05-12-2022	Suspender inmediatamente a talla que está a realizar LOAC na parcela sita Pagueira (Brexo), sen ter depositado o correspondente aval, carecendo de título habilitante municipal, provocando danos no camiño municipal no camiño municipal 1C.1.0383, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia. Iniciar procedemento sancionador a LOAC para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da realización dunha talla na parcela sita no lugar de na parcela sita Pagueira (Brexo), sen ter depositado o corespondente aval, carecendo de título habilitante municipal, provocando danos no camiño municipal 1C.1.0383
2153/2022	05-12-2022	Aprobar a conta xustificativa do anticipo de caixa fixa de servizos sociais presentada, correspondente ao período comprendido do trinta e un de decembro de dous mil vinte e un ao trinta e un de marzo de dous mil vinte e dous, e recoñecer obrigas por importe de catro mil novecentos cincuenta e sete euros con trinta e un céntimos (4.957,31 euros)
2154/2022	07-12-2022	Aprobación visita de Papá Noel e dos Reis Magos aos centros escolares de Cambre 2022 e concurso do Cartel de Reis Magos en Cambre do ano 2023
2155/2022	07-12-2022	Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro da Resolución do 21 de setembro de 2022 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023, para a execución da obra denominada "Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis. Cambre"
2156/2022	07-12-2022	Conceder a Tde E, SAU, a licenza municipal solicitada para a instalación de catro postes de madeira e retirada de tres postes de



		madeira existentes, co fin de proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á vivenda unifamiliar sita no lugar do Castro, parroquia de Bribes
2159/2022	08-12-2022	Aprobar o padrón fiscal do prezo público por actividades subvenís do Programa O Verán Xa Está Aquí; Campamento de Maiores do día 1 ao 12 de agosto de 2022, que comprende 34 recibos dous dos cales son cota cero por un importe total de cinco mil trescentos vinte e oito euros (5328,00€)
2160/2022	08-12-2022	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2022/C002/000129 OB cuxo obxecto é a execución das obras de "Reparación das filtracións en varias aulas do Centro Municipal de Formación (CMF) sito no polígono industrial Espíritu Santo Cecebre Cambre. Adxudicar o contrato menor á empresa TENOGA S.L. por un importe máximo de 5.775,00 euros sen IVE, e 6.987,75 euros con IVE incluído
2161/2022	08-12-2022	Aprobar o padrón fiscal do prezo público por actividades xuvenís do Programa Vente de Marcha; Ruta 155: Lagoa de Cospeito do día 11 de setembro de 2022, que comprende 33 recibos por un importe total de trescentos cuarenta e tres euros con oitenta céntimos (343,80€)
2162/2022	08-12-2022	Aprobar a realización do programa cultural mes de decembro 2022

## **5º.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C003/000022, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente á obra de "Mellora dos parques infantís dos CEIP Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal".

- Proposta de aprobación do "PBE Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre", incluído no POS + Adicional 2/2022. Expediente: 2022/A008/000004-2022/G006/000281.

O Sr. alcalde informa aos concelleiros e concelleiras que no día de onte a secretaria accidental advertiulle que non se xustifica debidamente a urxencia para someter a aprobación a proposta relativa ao "PBE Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre", incluído no POS + Adicional 2/2022. Expediente: 2022/A008/000004-2022/G006/000281. Di que a urxencia a decide el, que é quen decide, el e o equipo de goberno, que os técnicos e técnicas municipais poden informar o que consideren pero que as decisións deben adoptalas el e os concelleiros e concelleiras, e que sempre poden pedir informes externos. Engade que el e o equipo de goberno fan as cousas ben.

A continuación, o Sr. alcalde concédelle a palabra á secretaria accidental, quen manifesta que por suposto que o alcalde e o equipo de goberno son quen teñen que tomar as decisións, que iso non se discute, pero que, ao seu parecer, tamén é obriga dos empregados e empregadas públicas advertirlles aos órganos decisorios das irregularidades nas que, ao seu parecer, poden incurrir.

O Sr. alcalde conclúe dicindo que si pero que quen decide son eles, ao que a secretaria accidental contesta que iso é así.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

**A) PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PBE MELLORA FUNCIONAL DA RÚA ROCÓN. CAMBRE”, INCLUÍDO NO POS + ADICIONAL 2/2022. EXPEDIENTE: 2022/A008/000004-2022/G006/000281**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da Alcaldía de data 12 de decembro de 2022 (CVD: zbdhpQ+ESjN9BqyYBYdi), relativa a proposta de aprobación do “PBE Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre”, incluído no POS + Adicional 2/2022”. que transcrita di:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Con data do 30 de maio de 2022 recibíuse da Excm. Deputación Provincial da Coruña, a Circular de elaboración do POS + Adicional 2/2022, na que indican que ao Concello de Cambre correspóndelle un total de 727.564.26€, podendo financiar con cargo ao POS + Adicional 2/2022 investimentos xa previstos no Plan Complementario ao POS +2022 ou ben, financiar no POS +Adicional 2/2022 gasto corrente de servizos públicos obrigatorios, novos investimentos financeiramente sostibles non incluídos no Plan Complementario e/ou revisión excepcional de prezos dos contratos públicos e de obras municipais.

Con data do 26 de maio de 2022 ratificouse polo Pleno Municipal o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2022, respecto da aprobación do proxecto básico e de execución de “Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre” incluído no POS + 2022 (Plan Complementario), corrixido a requirimento da Deputación Provincial, interesando a este Concello a inclusión do devandito proxecto no POS + Adicional 2/2022,

Logo de ver que segundo informe emitido pola Arquitecta Técnica Municipal, dona Susana Bahamonde López, o día 2 de decembro de 2022, (CVD: SJp2KG6eBAR+cqFwTD+B), no mes de xuño certifícase pola Secretaria Accidental do Concello, que en varios expedientes de contratación, unha vez rematado o prazo de proposicións, non consta a presentación electrónica de ningunha oferta.

Tendo en conta o "Informe impactos en las empresas de construcción de los incrementos de precio y retrasos en suministro de materiales" da *Confederación Nacional de la Construcción*, con data de outubro de 2021, o 94,41% das empresas sufriron un incremento inusual no prezo de compra de materiais.

Tendo en conta que dende entón, e co inicio en febreiro de 2022 da invasión rusa de Ucraia, eses incrementos sinalados polo informe quedaron reducidos a meras anécdotas; o que leva a que a totalidade dos proxectos redactados con anterioridade a estes últimos acontecementos, non atope licitador para a súa execución; no caso que nos ocupa, advertindo esta circunstancia e tendo en conta que a redacción do proxecto foi en maio de 2022, de xeito que xa non se licitaron as obras incluídas no proxecto original.

Tendo en conta que estudiados os prezos actuais de mercado, concluíuse que o orzamento de contrata co IVA ao 21%, acade a cantidade de 82.570,00€, o que supón un incremento de 16.511,26€ respecto ao orzamento orixinal, o que supón un incremento do 25,00%. Deste xeito, o único que se modifica no proxecto redactado en novembro de 2022, polo mesmo técnico que redactou o orixinal, refírese aos prezos das diferentes partidas que foron revisadas en función do incremento dos prezos unitarios dos materiais que interveñen na súa

elaboración; de xeito que o resto de determinacións do proxecto, incluídos os informes e declaracións contidas no expediente, seguen a ser totalmente válidas.

Tendo todo isto en conta, con data do 9 de novembro de 2022, presentouse o proxecto denominado “PBE de Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre” (revisión orzamentaria de novembro de 2022) por Estudio Masa, Muñiz Mas Alfaya SLP, asinado por dona Patricia Muñiz Núñez e por don Luciano González Alfaya, cun orzamento total de 82.570,00€,

Con data 12 de decembro de 2022, se asina por dona Susana Bahamonde López, o conforme ao proxecto.

Por todo o exposto,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobar o proxecto denominado “PBE de Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre” (revisión orzamentaria de novembro de 2022) redactado por Estudio Masa, Muñiz Mas Alfaya SLP, asinado por dona Patricia Muñiz Núñez e por don Luciano González Alfaya, cun orzamento total de 82.570,00€.

2.- Notificar ao Pleno da Corporación, na seguinte sesión que se celebre.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 12 de decembro de 2022 (CVD: zbdhpQ+ESjN9BqyYBYdi), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

**B) APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚM. 2020/C003/000022, POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO ESTABLECIDO NO APARTADO 6 DO ARTIGO 159 DA LCSP, CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA (FACTOR PREZO), CORRESPONDENTE Á OBRA DE “MELLORA DOS PARQUES INFANTÍS DOS CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ E O GRAXAL”**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de decembro de 2022 (CVD: wPgKIDQI7nTW5nzmFSwM), relativa á aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C003/000022, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente á obra de “Mellora dos parques infantís dos CEIP Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal”, que transcrita di:

**“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Por Resolución da Alcaldía número 2176/2022, de 12 de decembro, aprobouse a memoria correspondente á obra denominada “Mellora dos parques infantís dos CEIP Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal”, asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, xefe da sección de servizos, don Óscar Souto Muíño, con data do 02.12.2022 (CVD: m72PEgU1qe843ho2KXr5), previo informe respecto da viabilidade urbanística da obra emitido polo arquitecto don José Ramón Díaz Barbeito.



Con data do 02.12.2022 asinouse polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal o informe técnico de necesidade relativo, entre outros aspectos, á nomenclatura da obra, xustificación da división en lotes, criterios de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional (CVD: Dmn/fYbblJvG6Rwouhtp).

Coa mesma data do 02.12.2022 asinouse polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal a acta de replanteo (CVD: QcyTMC/G0VJ5Ykna2pc9).

Consta documento de retención de crédito por importe de 68.908,29 euros emitido polo interventor municipal con data do 25.08.2022 (Nº. Operación: 220220005716), nas partidas orzamentarias 171 21000 (Manten. Infraestructuras parques y jardines) e 323 21000 (Infraestructuras y bienes naturales) polo importe de 22.908,29 € e 46.000,00 € respectivamente.

Con data do 12.12.2022 asinouse pola concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Réxime Interior a providencia na que solicitou a emisión dos pertinentes informes pola Secretaría e maila Intervención municipais (CVD: OQj4u8mvGPwDvdBW8fnd).

Consta no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: nZdO2Zqc9oTtHskvcSK0) asinado, con data do 12.12.2022, pola técnica de xestión de administración xeral, na súa condición de secretaria accidental.

Consta no expediente informe–proposta emitido con data do 12.12.2022 pola secretaria accidental e o interventor municipal (CVD: V2Z4WdJ19X1Pxs7fAkt8).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias propias dos concellos en materia de equipamentos da súa titularidade, de acordo co art. 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000022, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente á obra de *MELLORA DOS PARQUES INFANTÍS DOS CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLOREZ E O GRAXAL* e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: nZdO2Zqc9oTtHskvcSK0), cun presuposto base de licitación de 38.006,65 € sen IVE, 45.988,05 € (IVE incluído), e un valor estimado de 41.807,31 €, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes, coa seguinte desagregación:

Presuposto base licitación:

	Precio sin iva (€)	IVA (21%) (€)	Total (€)
Lote 1: CEIP WWF	11.070,95	2.324,90	13.395,85

Lote 2: CEIP O GRAXAL	26.935,70	5.656,50	32.592,20
Total	38.006,65	7.931,40	45.988,05

Valor estimado:

	Precio sin iva (€)	Posible modificación (10%)(€)	Total (€)
Lote 1: CEIP WWF	11.070,95	1.107,09	12.178,04
Lote 2: CEIP O GRAXAL	26.935,70	2.693,57	29.629,27
Total	38.006,65	3.800,66	41.807,31

Isto, a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto, por importe de 45.988,05 euros, por conta das aplicacións orzamentaria 171 21000 (Manten. Infraestructuras parques e xardín) e 323 21000 (Infraestructuras e bens naturais).

**Cuarto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Quinto:** Designen integrantes da unidade técnica de asistencia prevista no cláusula 15.1 do PCAP á técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López, e á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe.

**Sexto:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de decembro de 2022 (CVD: wPgKIDQI7nTW5nzmFSwM), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## **6º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López